

D<sup>a</sup> Elvira Crespo Casal, Secretaria accidental do Concello de Ponte Caldelas, do que é Alcalde,  
D. Andrés Díaz Sobral,

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno en data 20.07.2015 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

## 8.LICITACIÓNS E CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS:

**8.1. Convocatoria da Mesa de Contratación para o contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana municipal, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.**

Dase conta da proposta de Alcaldía redactada nos seguintes termos:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA MESA DE CONTRATACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DE VIVENDAS EN CARITEL”

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

Á vista de que nos Pregos, na cláusula 6, establece que unha vez puntuadas as solicitudes, se confeccionará unha lista provisional na que constarán os admitidos coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión. Os solicitantes poderán presentar alegacións no prazo de dez días dende a súa publicación. Vistas ditas alegacións e, no seu caso, a documentación achegada se confeccionará a lista definitiva de admitidos ordenándoa de maior a menor puntuación.

A mesa de contratación, á vista da lista resultante e os criterios de valoración establecidos, unha vez informados polos servizos sociais do Concello, propondrá motivadamente ó órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais na lista de reserva que será elaborada.

A acta que contén a lista provisional de admitidos e excluídos, estivo exposta do 02.07.15 ao 14.07.15, publicada no Perfil do Contratante e no Taboleiro de Editos do Concello de Ponte Caldelas sen que se producisen alegacións.

Por isto, **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro:** Convocar á mesa de contratación para que, en sesión pública, se reúna, o día 21.07.15 ás 14:00 horas na Casa do Concello.

**Segundo:** Que se publique o presente no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.”

E para que conste e aos efectos oportunos, coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, en Ponte Caldelas a 20.07.15.

  
O Alcalde,  
e Prce.  
Asdo. Andrés Díaz Sobral

  
A Secretaria Acctal.,  
Asdo. Elvira Crespo Casal